

CONCELLO
DE VIGO



Concellería de
Seguridade,
Contratación, Festas
e Xestión Municipal

Área de RRHH e
Formación

44800-220
17310-111

ASUNTO: EXECUCIÓN DE SENTENZA DE PROCESO SELECTIVO

INFORME-PROPOSTA

ANTECEDENTES

I- Por Sentenza nº 82/24 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, de data 2 de maio de 2024, no Procedemento abreviado nº 347/2023, estimouse o recurso contencioso-administrativo presentado por D F. González Núñez, contra a resolución de data 16/09/2023 da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal pola que se desestimou o recurso de reposición interposto polo demandante contra a resolución de data 1/08/2023 pola que se aprobou a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas dos procesos selectivos derivados da execución das OPE correspondentes aos anos 2017-2018-2019.

En consecuencia, e máis concretamente, recolle o seguinte:

"...declaro el derecho del recurrente a participar en el proceso selectivo del que ha sido indebidamente excluido y que continúe dicho proceso para él hasta su finalización."

II- En data 7/06/2024, a Asesoría Municipal remite á Área de RRHH e Formación expediente electrónico ao que se xunta copia da Sentenza nº 82/24, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo con data 2/05/2024, da que se dou conta á Xunta de Goberno Local, na sesión de data 5/07/2024, e en orde á súa execución e comunicase a súa firmeza, para que consonte ao artigo 104 da LXC-A a leve ao seu puro e debido efecto en tempo e forma, practicando o que esixa o cumprimento do fallo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I- Execución de sentenza:

A Constitución Española, no seu artigo 118, establece que son de obrigado cumprimento as sentenzas e demais resolucións firmes de xuíces e tribunais.

O artigo 17.2 da Lei orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do poder xudicial, sinala que as Administracións públicas, autoridades e funcionarios, as corporacións e todas as entidades públicas e privadas e os particulares, respectarán e, no seu caso, cumprirán as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou sexan executables de acordo coas leis.

Ademais, o artigo 245.3 da citada norma, establece a firmeza das sentenzas cando contra elas non caiba recurso algún, agás o de revisión ou outros extraordinarios que estableza a lei.

Por outro lado, a Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LXCA), dispón que as partes están obrigadas a cumprir as sentenzas na forma e nos termos que estas se consignen (artigo 103.2 LXCA) e todas as persoas e entidades públicas e privadas están obrigadas a prestar colaboración requirida polos Xuíces e Tribunais do Contencioso-administrativo para a debida e completa execución do resolto (artigo 103.3 LXCA).



Copia do documento - Concello de Vigo
240225962

Data impresión: 19/07/2024 13:14 | Páxina 1 de 3
CSV: ABA858-22B3C8-D8DF44-XNSEJJ-9AXPU3-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



II- Órgano competente

Vistas as competencias delegadas na Sra. Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal por delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Alcaldía do 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024, en materia de recursos humanos e persoal, e de conformidade coa motivación que antecede, elévase ao dito órgano municipal a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Dar cumprimento íntegro ao disposto na Sentenza nº 82/2024, Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, de data 2 de maio de 2024, no Procedemento abreviado nº 347/2023, procedendo á súa execución, e declarando o dereito de D. F. González Núñez, con DNI ***5678** a participar no proceso selectivo programador/a informática (Promoción Interna) derivado da execución das OPE correspondentes aos anos 2017-2018-2019, do que foi excluído, e aprobar a seguinte lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as no dito proceso:

PROGRAMADORA/PROGRAMADOR INFORMÁTICA (PROMOCIÓN INTERNA)			
APELIDOS	NOME	DNI	OBSERVACIÓNS
GONZALEZ NUÑEZ	F.	***5678**	ADMITIDO

Segundo.- Dispoñer que a data e lugar de celebración do primeiro exercicio do proceso selectivo da praza de Programador/a informático/a, promoción interna, derivado da execución das OPE correspondentes aos anos 2017-2018-2019, será a seguinte:

Aula de Formación da Policía local, sita no andar -1 do Concello de Vigo, o venres **27/09/2024** ás **12:00 h.**

Terceiro.- Dar conta da presente resolución ao interesado, e ao Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo, aos oportunos efectos en relación coa sentenza que se executa a través da representación legal do Concello –Asesoría Xurídica Municipal.

Cuarto.- Ordenar a publicación da presente resolución no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

Quinto.- Informar á persoa aspirante que as probas efectuaranse en chamamento único, quedando excluído a/o aspirante que non concorra. Deberá presentarse para a realización de cada exercicio provisto do DNI ou documento equivalente acreditativo de identidade, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica das probas.

Os sucesivos anuncios publicaranse exclusivamente no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, nos lugares onde se celebren as probas e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

Sexto.- Dar traslado da presente resolución a todos os membros do Tribunal da praza de programador/a informática (Promoción Interna) derivado da execución das OPE correspondentes aos anos 2017-2018-2019, para seu o coñecemento e, no caso do Presidente (ou o seu suplente), para que no prazo máximo de 10 días convoque ao resto dos membros do Tribunal a efectos de dar cumprimento ao acordado na Sentenza que se executa, procedendo ao desenvolvemento do proceso selectivo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/07/2024 13:14	Páxina 2 de 3
240225962	CSV: ABA858-22B3C8-D8DF44-XNSEJJ-9AXPU3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**CONCELLO
DE VIGO**



**Concellería de
Seguridade,
Contratación, Festas
e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e
Formación**

Sétimo.- Contra a presente resolución non cabe recurso por tratarse do cumprimento dunha resolución xudicial, sen prexuízo das actuacións que procedan ante o órgano xudicial competente encargado de velar pola súa execución.

Vigo, na data da sinatura electrónica.

A técnica de organización e xestión de RRHH.- Rosa María Otero Malvárez

CONFORMES, A xefa da Área de RRHH e Formación.- María Dapena Gómez.

A Concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024).- María Olga Alonso Suárez

DECRETO : Vista a precedente proposta, RESOLVO DE CONFORMIDADE coa mesma.

A concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024).- Patricia Rodríguez Calviño

DOU FE, A Secretaria do Goberno Local.- Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/07/2024 13:14	Páxina 3 de 3
240225962	CSV: ABA858-22B3C8-D8DF44-XNSEJJ-9AXPU3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		